



Secretaría Xeral  
Dpto. de Actividade Corporativa  
A-7

**Manuel José Díaz Sánchez**, secretario xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

**Asunto.- Expte. 631/2019/101 MPX-8/19 Aprobación inicial da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña no ámbito do paseo marítimo na antiga cetaria “Otamar”, execución sentenza núm. 612/2016.**

**CERTIFICO:** Que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 8 de xullo de 2021, adoptou, por maioría absoluta legal, os seguintes acordos, co voto a favor dos Grupos Municipais do Partido Socialista (9 votos), Marea Atlántica (5 votos), Bloque Nacionalista Galego (2 votos) e das concelleiras non adscritas dona Mónica Martínez Lema (1 voto) e dona Isabel Faraldo Calvo (1 voto), e a abstención do Grupo Municipal do Partido Popular (9 abstencións):

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o documento denominado “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA CORUÑA NO ÁMBITO DO PASEO MARÍTIMO EN LA ANTIGUA CETÁRIA OTAMAR. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL. XUÑO 2021”, redactado pola Oficina de Plan, S.A, e asinado polo arquitecto Alfonso Díaz Revilla e a avogada Delfina Losa García.

**SEGUNDO.-** Solicitar os informes sectoriais necesarios e someter o documento ao trámite de información pública durante o prazo de dous meses,

**Manuel José Díaz Sánchez**, secretario general del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

**Asunto.- Expte. 631/2019/101 MPX-8/19 Aprobación inicial de la modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña en el ámbito del paseo marítimo en la antigua cetárea “Otamar”, ejecución sentencia núm. 612/2016.**

**CERTIFICO:** Que el Excmo. Ayuntamiento Pleno en sesión ordinaria celebrada el día 8 de julio de 2021, adoptó, por mayoría absoluta legal, los siguientes acuerdos, con el voto a favor de los Grupos Municipales del Partido Socialista (9 votos), Marea Atlántica (5 votos), Bloque Nacionalista Galego (2 votos) y de las concejales no adscritas doña Mónica Martínez Lema (1 voto) y doña Isabel Faraldo Calvo (1 voto), y la abstención del Grupo Municipal del Partido Popular (9 abstenciones):

**PRIMERO.-** Aprobar inicialmente el documento denominado “MODIFICACIÓN PUNTUAL DEL PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA EN EL ÁMBITO DEL PASEO MARÍTIMO EN LA ANTIGUA CETÁRIA OTAMAR. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL. JUNIO 2021”, redactado por la Oficina de Planeamiento, S.A, y firmado por el arquitecto Alfonso Díaz Revilla y la abogada Delfina Losa García.

**SEGUNDO.-** Solicitar los informes sectoriales necesarios y someter el documento al trámite de información pública durante el plazo de dos meses,



Secretaría Xeral  
Dpto. de Actividade Corporativa  
A-7

mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

**TERCEIRO.-** Comunicar ao Xulgado e ás áreas municipais relacionadas co asunto, a realización do trámite para os efectos do seu coñecemento.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa salvedade prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a resultas do texto definitivo da acta.

A Coruña, 9 de xullo de 2021

Vº e Pr  
Concelleiro delegado de Urbanismo,  
Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade

Juan Manuel Díaz Villoslada

*(Documento asinado electronicamente)*

*mediante la inserción de anuncios en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión en la provincia.*

**TERCERO.-** Comunicar al Juzgado y a las áreas municipales relacionadas con el asunto, la realización del trámite a los efectos de su conocimiento.

*Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales y a resultas del texto definitivo del acta.*

*A Coruña, 9 de julio de 2021*

Secretario xeral do Pleno

Manuel José Díaz Sánchez